

**INFORME CLIMATOLÓGICO  
MES DE MARZO DE 2021**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA .....	11
5.1.	Temperatura media das máximas. ....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010. ....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2021. ....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.2.	Días de chuvia en marzo de 2021 .....	20
6.3.	Evolución da precipitación en marzo de 2021 .....	22
7	VENTO .....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual .....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	27
9	RAIOS .....	29

### Anexos:

#### Resumo mensual

**Calendario de marzo de temperatura mínima**

**Calendario de marzo de temperatura máxima**

**Calendario de marzo de precipitación acumulada**

**Calendario de marzo de refacho máximo**

**Data edición: 07/04/2021**



**Mes moi seco e temperaturas medias non moi afastadas da normalidade.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de marzo quedou caracterizado pola frecuente aparición de situacións anticiclónicas que deixaron moi escasas precipitacións. As situacións estables deixaron amplas oscilacións térmicas e fixeron que as temperaturas medias non se apartan de forma significativa do valor climático.

Así, as dúas primeiras xornadas do mes quedaron marcadas pola inestabilidade debido á presenza dunha zona de aire frío nas capas medias e altas da atmosfera que deixou algúns chuvascos irregularmente repartidos.

Pero xa o día 3 tivemos unha xornada plenamente anticiclónica.

Nos días 4 e 5 unha pequena borrasca localizada ao oeste da península Ibérica deixaba unha importante entrada de po sahariano e provocaba a aparición de chuvascos tormentosos no leste, pero o día 6 esta pequena borrasca desaparecía e quedabamos coas altas presións.

Polo que as xornadas entre o 6 e o 9 quedaron marcadas pola estabilidade e o nordés. Esa estabilidade deixou 4 xornadas consecutivas de ceo aberto, polo que as madrugadas foron frías, con importantes xeadas no interior; os valores diúrnos quedaron moi condicionados por ese vento, cun importante contraste norte- sur.

O día 10 os ventos cambiaron a suroeste e a aproximación dunha borrasca deixaba máis nubes, menos xeadas e algunhas chuvias na zona oeste o propio día 10 e algo máis xeneralizadas o 11 polo paso dunha fronte.

O día 12 foi de transición, aínda con algúns chuvascos pola mañá, dando paso o 13 a unha nova situación anticiclónica. Esta situación estendeuse con poucos cambios durante os seguintes días.

En xeral entre o 13 e o 18 tivemos xornadas de ceos abertos, frío nas madrugadas con xeadas no interior, pero temperaturas suaves nas primeiras horas da tarde, particularmente no sur.



O día 19 trunouse esta racha anticiclónica coa chegada dunha fronte pouco activa que deixou aumento das nubes, baixada das temperaturas e algunha chuva feble e ocasional no norte.

Foi un empeoramento moi transitorio xa que o día 20 recuperamos a influencia anticiclónica. Iso si, ese primeiro día anticiclónico tivo como características, ademais do ceo despexado, as baixas temperaturas e os intensos ventos do nordés.

Xa a xornada do 21 quedou con algo máis de temperatura e algo menos de vento, para quedar os días 22 e 23 marcados polos ceos abertos e as temperaturas moi suaves durante as tardes, superándose en xeral os 20°C.

O día 24 foi de transición, con entrada dalgunhas nubes, xa que o anticiclón comezaba a debilitarse. Este enfraquecemento propiciou a entrada dalgunhas nubes nesa xornada, que foron máis evidente os días 25 e 26, mesmo con algunhas chuvias na xornada do 26.

Pero o 27 recuperamos a influencia das altas presións e ese anticiclón quedou xa ao norte da península Ibérica ata o derradeiro día do mes. Nesa situación tivemos a segunda visita significativa do mes de po sahariano e un incremento progresivo das temperaturas, que no derradeiro día do mes acadaban valores por riba dos 30°C nalgúns lugares.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Tanto no mapa de anomalía de presión en superficie (Figura 1) e moito máis marcada en altura xeopotencial (Figura 2), apréciase unha forte anomalía positiva de presión centrada nas Illas Británicas. Esta anomalía reflectiuse no predominio de situacións anticiclónicas que tamén afectaron a nosa Comunidade.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Marzo-2021.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.






Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Marzo-2021.

#### 4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



## A CORUÑA

	MARZO 2021 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.7/12.7	12.3	15.0 (1997)	9.2 (1971)
Tª mínima media	9.4/9.2	9.2	11.2 (1997)	6.3 (1971)
Tª mínima absoluta	6.2/5.9 (día 27)	0.6 (01/03/1993)		
Tª mínima máis alta	14.1/14.7 (día 31)	17.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	15.9/16.1	15.4	19.4 (1997)	12.0 (1971)
Tª máxima absoluta	27.8/27.5 (día 31)	28.2 (29/03/1965)		
Tª máxima máis baixa	11.8/11.9 (día 8)	6.4 (07/03/1971)		
Precipitación acumulada	16	50-80	262 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	5	12	26 (2001)	0 (1997)

*Comentario: Mes moi cálido en canto as temperaturas máximas, mentres que para as mínimas resultou normal. Como resultado disto, tendo en conta a temperatura media o mes foi cálido. A precipitación acumulada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco que tamén se reflicte na escaseza de número de días de chuvia.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2021. Temperatura: 1948-2021.

## SANTIAGO

	MARZO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.1	11.3	14.7 (1997)	8.4 (2018)
Tª mínima media	5.8	6.5	9.1 (2001)	4.1 (1984)
Tª mínima absoluta	2.7 (día 27)	-4.2 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	12.2 (día 31)	13.8 (26/03/2006)		
Tª máxima media	16.4	16.0	22.1 (1997)	11.6 (2008)
Tª máxima absoluta	27.4 (día 31)	28.6 (24/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	10.6 (día 8)	5.6 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	23	93-151	637 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	6	13	29 (2001)	0 (1997)

*Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura máxima e frío para a mínima. Como resultado disto, tendo en conta a temperatura media, o mes foi normal.*





A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia foron moi inferiores aos valores climáticos agardados.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2021. Temperatura: 1982-2021.

## LUGO

	MARZO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.5	9.5	12.6 (1997)	6.1 (1984)
Tª mínima media	2.8	4.0	6.9 (2001)	1.8 (1984)
Tª mínima absoluta	-2.3 (día 21)	-8.4 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	6.9 (día 11)	16.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	16.3	14.9	21.9 (1997)	9.5 (1970)
Tª máxima absoluta	<b>28.0 (día 31)</b>	27.7 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	9.3 (día 19)	4.0 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	24	48-81	305 (2018)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	7	11	26 (2001)	0 (1997)

*Comentario:* Este mes resultou cálido segundo as máximas, acadándose o rexistro histórico máis alto na temperatura máxima absoluta. Tendo en conta as mínimas, o mes foi moi frío, resultando para a temperatura media un mes normal.

A chuvia acumulada foi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco, que se reflectiu tamén no menor número de días de chuvia.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2021. Temperatura: 1981-2021.

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MARZO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.3	12.0	14.5 (1997)	8.9 (1970)
Tª mínima media	6.2	6.6	9.3 (2001)	3.4 (1970)
Tª mínima absoluta	1.3 (día 21)	-3.5 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	10.7 (día 31)	15.0 (31/03/1965)		
Tª máxima media	18.5	17.4	22.6 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	28.1 (día 31)	28.9 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	13.0 (día 10)	8.6 (19/03/1980)		
Precipitación acumulada	24	87-131	571 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	4	12	29 (2001)	0 (1997)



**Comentario:** Mes normal para a temperatura media pola compensación das máximas (moi cálido) coas mínimas (frío).

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais nesta localidade. O número de días de chuvia tamén son inferiores ao valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2021. Temperatura: 1958-2021.

**OURENSE**

	MARZO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.0	11.9	14.8 (1997)	8.5 (1984)
Tª mínima media	4.1	5.0	9.3 (2001)	1.0 (1973)
Tª mínima absoluta	-1.5 (día 21)	-6.8 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	10.4 (día 11)	15.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	19.9	18.7	25.4 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	30.3 (día 31)	30.6 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	13.6 (día 19)	5.6 (13/03/1984)		
Precipitación acumulada	9	38-50	298 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	3	9	26 (2001)	0 (1997)

**Comentario:** Mes cálido tendo en conta as temperaturas máximas e frío tendo en conta as mínimas. Por isto, o mes segundo a temperatura media foi normal.


A precipitación acumulada foi moi inferior ao rango de valores normais, isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moito menor que o valor climático agardado.

Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2021. Temperatura: 1972-2021.

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas non se afastaron moi en media do que sería normal neste mes, xa que nos períodos anticiclónicos a tendencia é a ter máximas lixeiramente por riba do habitual, pero mínimas por debaixo. Esta é precisamente a situación que se aprecia neste mes, que deixa a media moi próxima ao valor climático.

### 5.1. Temperatura media das máximas.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de marzo de 2021.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de marzo para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 15.2 °C. Os valores máis altos rexistráronse no sur da provincia de Pontevedra e no Miño ourensá, con temperaturas que superaron os 20 °C. As



máximas máis baixas déronse na alta montaña ourensá, e nalgúns puntos da comarca de Valdeorras, onde se acadaron valores que lixeiramente superiores aos 6 °C.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de marzo, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 4.1 °C. Os valores máis baixos rexistráronse no macizo de Manzaneda e na comarca da Limia, con temperaturas medias que case acadaron os -1.9 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse de forma xeneralizada no litoral da Comunidade, destacando as comarcas de Vigo e a Ría de Pontevedra, onde puntualmente se acadaron valores que superaron os 9 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de marzo de 2021.



### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media mostra un mes de marzo normal en xeral, pero destaca a comarca da Mariña Central, onde a anomalía de temperatura case acadou  $-1.0^{\circ}\text{C}$ . Os valores máis altos acadáronse no sur da provincia de Pontevedra e nas rexións do leste da Comunidade, con valores próximos aos  $+1.5^{\circ}\text{C}$ , tal e como se pode apreciar na Figura 3. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de  $+0.32^{\circ}\text{C}$ .




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ( $^{\circ}\text{C}$ ) de marzo de 2021 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente nas comarcas de Viana e Verín. As máis baixas (Táboa 2) déronse principalmente na Mariña central.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	provincia	anomalía (°C)
Veiga (A)	Ourense	1.1
Mezquita (A)	Ourense	1.1
Gudiña (A)	Ourense	1.0
Vilariño de Conso	Ourense	1.0
Vilardevós	Ourense	1.0
Viana do Bolo	Ourense	1.0
Triacastela	Lugo	0.9
Vilaboa	Pontevedra	0.9
Leiro	Ourense	0.9
Ríos	Ourense	0.9

**Táboa 1:** Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de marzo de 2021.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	anomalía (°C)
Alfoz	Lugo	-0.7
Monforte de Lemos	Lugo	-0.7
Coristanco	A Coruña	-0.7
Mondoñedo	Lugo	-0.6
Valadouro (O)	Lugo	-0.6
Lourenzá	Lugo	-0.6
Foz	Lugo	-0.6
Cabana de Bergantiños	A Coruña	-0.5
Ponteceso	A Coruña	-0.5
Barreiros	Lugo	-0.5

**Táboa 2:** Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de marzo de 2021.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2021 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 31 foi a que presentou as temperaturas máis altas por debaixo dos 1000 m e por riba dos 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2021				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
31/03/2021	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	32.1
31/03/2021	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	31.1
31/03/2021	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	30.8
31/03/2021	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	30.3
31/03/2021	Ourense	OURENSE	Ourense	30.3
31/03/2021	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	30.2
31/03/2021	Cespón	BOIRO	A Coruña	30.1
31/03/2021	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	29.4
31/03/2021	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	29.4
31/03/2021	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	29.4

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en marzo 2021 a unha altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2021				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
31/03/2021	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	22.2
31/03/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	21.7
31/03/2021	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	21.6
31/03/2021	O Xistral	MURAS	Lugo	21.6
31/03/2021	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	21.4
31/03/2021	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	21.0
31/03/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	20.3
31/03/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	20.1
31/03/2021	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	19.2
31/03/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	18.4

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en marzo de 2021 a unha altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de marzo de 2021 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornada do 9 e o 21 de marzo foron especialmente frías en ambas altitudes.

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2021 por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
20/03/2021	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-5.89
09/03/2021	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-5.7
20/03/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-5.61
21/03/2021	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-5.3
21/03/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.19
21/03/2021	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-5.06
09/03/2021	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-4.95
09/03/2021	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.92
21/03/2021	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-3.55
09/03/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	-3.53
09/03/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-2.91

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en marzo de 2021 a unha altitude maior a 1000m.


<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2021 por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
21/03/2021	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-7.65
21/03/2021	Baltar	BALTAR	Ourense	-6.96
21/03/2021	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-4.94
21/03/2021	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-4.91
09/03/2021	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-4.3
09/03/2021	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-4.1
09/03/2021	Morelle	SARRIA	Lugo	-4.07
21/03/2021	Laza	LAZA	Ourense	-3.54
27/03/2021	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-3.48
21/03/2021	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-3.25
21/03/2021	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	-3.11



**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en marzo de 2021 a altitude menor de 1000m.

#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2021.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2021 para esta serie foi 11.0 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ó longo do período 1961-2021 para marzo.

A anomalía media da temperatura para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.12 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. Isto debeuse principalmente á contribución da anomalía de temperatura mínima segundo a cal o mes foi frío (-0.71 °C), mentres que tendo en conta a temperatura máxima o mes cualifícase como cálido (+0.96 °C). A anomalía deste ano foi inferior a do ano pasado.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en marzo, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron en xeral moi por debaixo do agardado neste mes, quedando bastante por debaixo da metade do que podería ser considerado normal nun mes de marzo. Isto débese á frecuente aparición de situacións anticiclónicas e a escasa actividade das poucas borrascas que puideron chegar a Galicia neste período.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de tan só 25 L/m<sup>2</sup>. As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse no terzo norte da Comunidade, onde se acadaron valores duns 50 L/m<sup>2</sup>. Os valores máis baixos de precipitación déronse principalmente nalgunhas localidades das comarcas de Ourense, Terra de Celanova e Allariz-Maceda, con valores inferiores aos 5 L/m<sup>2</sup> nas localidades menos chuviosas.





Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de marzo de 2021.

### 6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de marzo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 79 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Hai unha gran diferenza entre o oeste e o centro da Comunidade, e as localidades situadas máis no leste sendo as últimas as que presentaron as porcentaxes máis elevadas, pero aínda así baixas, con valores próximos ao 60% por debaixo do normal, pero gran parte do territorio presentou porcentaxes de ata 90% por debaixo do normal nalgunhas localidades.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de marzo de 2021.

## 6.2. Días de chuvia en marzo de 2021

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$ ) foi de 4.6. Os valores máis altos acadáronse na comarca de Ferrol, onde case se superaron os 8 días de chuvia. Pola contra, no Miño ourensá, acadáronse os valores próximos aos 2 días de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de marzo de 2021.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de marzo. As precipitacións acumuladas neste mes apenas superaron os 60 L/m<sup>2</sup> acumulados no mes nalgunhas localidades. Entre as xornadas do 10 e o 11 foi cando máis choveu en Galicia, acadándose valores que apenas superaron os 15 L/m<sup>2</sup>.



Precipitacións acumuladas máximas en marzo de 2021			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	67
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	63
Guitiriz-Mirador	VILALBA	Lugo	62
Labrada	ABADÍN	Lugo	62
O Xistral	MURAS	Lugo	61
Castrove	POIO	Pontevedra	59
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	55
Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	54
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	50
Corno do Boi	FRIOL	Lugo	49


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de marzo de 2021.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	17	10/03/2021 9:50
CIS Ferrol	FERROL	A Coruña	17	11/03/2021 6:30
Porto de Marín	MARÍN	Pontevedra	17	10/03/2021 14:00
Caldas de Reis	CALDAS DE REIS	Pontevedra	16	10/03/2021 13:40
Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	16	13/03/2021 5:20
Melide	MELIDE	A Coruña	16	10/03/2021 23:40
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	16	13/03/2021 0:20
Corno do Boi	FRIOL	Lugo	16	10/03/2021 23:30
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	15	10/03/2021 15:40
Sanxenxo	SANXENXO	Pontevedra	15	10/03/2021 13:40

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de marzo de 2021.


### 6.3. Evolución da precipitación en marzo de 2021

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2021, para esta serie, foi 20 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación ó longo do período 1961-2021 para marzo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 80 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco atopámolo no ano 1997.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en marzo, respecto ó período 1981-2010.

## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase que tan só dúas localidades



rexistraron ventos por riba deste limiar. As porcentaxes de calmas foron moi elevadas en xeral, e pódese observar como a dirección do vento ten predominancia do leste.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en marzo				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
20/03/2021	O Xistral	MURAS	Lugo	116.8
11/03/2021	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	103.0

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de marzo de 2021.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	97.1	NE	11		
		Día 16				
Pta. Candieira	Cedeira	98.3	NE	6		
		Día 20				
Malpica	Malpica	77.4	E	9		
		Día 20				
Marco da Curra	Monfero	66.9	E	3		





PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
		Día 19				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de marzo de 2021 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	103.0	E	2		
		Día 11				
Campus Lugo	Lugo	53.9	N	55		
		Día 4				
Ancares	Cervantes	75.5	NE	13		
		Día 31				

Táboa 11: Resumo vento no mes de marzo de 2021 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	88.5	N	9		



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
		Día 17				
Rodicio	Maceda	65.2	NE	12		
		Día 19				
Gandarela	Celanova	43.8	SE	48		
		Día 31				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de marzo de 2021 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	95.8	E	9		
		Día 19				
Cíes	Vigo	62.0	NE	27		
		Día 11				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de marzo de 2021 na provincia de Pontevedra.

## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual





Figura 13: Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de marzo de 2021.

### 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de marzo 378 raios. Como se pode apreciar a primeira xornada do mes foi a que rexistrou máis raios en marzo (Figura 15).



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en marzo de 2021.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 case todos os raios detectáronse na provincia de Lugo.



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en marzo de 2021.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en marzo en Galicia dende o ano 2010 ao 2021. Pódese observar que este mes de marzo obtivo unha cantidade significativamente menor que a do último mes de marzo. O ano que máis destaca na gráfica é 2018.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en marzo dende 2010 a 2021.

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 3

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
<b>A Coruña</b>																											
A Gándara	10.0	13.69	26.4	31	7.0	2.9	21	27	16.2	11	-3	76	90	59	56	205	1446	13	73	11	974	10	0				
Aldea Nova	10.6	14.78	26.0	31	7.4	4.0	9	53	15.0	1	-25	78	91	61	51	189	1415	9	52	19	991	9	0				
Arzúa	9.4	16.12	26.8	31	3.1	-1.7	27	30	12.0	11	-45	78	98	50	57	208	1437	5	48	20	980	8	3				
Camariñas	11.9	14.52	24.1	31	8.5	4.7	28	8	2.4	11	-76	78	90	63	59	218	1527	19	77	19	1022	6	0				
Cariño	11.6	13.89	19.7	29	9.0	5.7	27	41	17.6	1	-30	80	91	67	42	155	1199	19	80	11	1023	7	0				
Cespón	12.5	18.67	30.1	31	7.2	3.4	10	44	18.0	10	-51	70	88	48	61	223	1501	7	52	19	1018	8	0				
CIS Ferrol	11.8	16.45	28.4	31	7.6	3.5	27	47	12.5	11	-40	72	87	53	54	199	1429	10	58	20	1020	8	0				
Corrubedo	13.1	18.25	28.9	31	9.2	5.9	8	9	4.3	11	-93	64	80	48	56	206	1511	9	61	20	1019	7	0				
Coruña-Dique	11.8	14.88	27.6	31	8.4	3.8	27	9	4.6	12	-	72	85	56	-	-	-	17	62	20	1021	6	0				
Coruña-Torre de Hércul	12.4	15.94	27.8	31	9.4	6.2	27	15	5.6	12	-	70	83	55	-	-	-	-	-	-	-	8	0				
*Costa	11.1	16.66	26.6	31	6.2	2.6	21	37	16.6	11	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	11	0				
*Coto Muiño	9.2	15.79	26.5	31	3.3	-0.5	23	24	10.0	11	-	83	98	58	-	-	-	3	37	11	-	9	3				
Fontecada	9.3	14.41	24.9	31	4.8	1.3	21	25	10.4	11	-51	75	90	52	56	205	1370	12	59	19	979	8	0				
*Guísamo	11.4	16.44	28.5	31	7.0	2.2	21	22	5.1	1	-	70	86	52	-	-	-	4	36	11	1002	7	0				
*Lesende	11.6	16.95	27.0	31	6.9	3.6	21	18	7.8	11	-69	75	92	52	61	223	1505	5	51	21	1002	7	0				
Lira	12.5	16.19	25.6	31	9.3	5.3	9	13	4.4	10	-94	68	81	51	62	230	1614	19	97	16	-	5	0				
Mabegondo	10.1	17.13	29.0	31	2.8	-2.1	21	23	11.2	1	-45	82	99	57	-	-	1431	7	57	16	1012	8	6				
Malpica	11.2	14.69	23.8	31	8.5	5.1	10	16	6.2	11	-65	78	91	65	62	226	1509	23	77	20	1004	7	0				
Marco da Curra	8.0	12.17	23.8	31	4.7	0.5	21	46	10.5	1	-27	79	91	61	50	186	1418	17	66	19	947	10	0				
Melide	9.2	15.98	27.3	31	3.3	-0.7	9	31	15.8	11	-51	75	93	50	56	207	1475	7	56	17	967	7	4				
*O Val	11.3	16.36	27.2	31	6.3	1.4	27	43	12.7	1	-	77	91	60	-	-	-	4	39	13	1015	9	0				
Olas	9.4	15.15	26.5	31	4.5	0.8	8	20	7.1	11	-61	76	93	54	55	204	1460	11	53	20	-	7	0				
*Ordes	9.6	16.32	27.9	31	2.9	-1.9	27	21	6.4	11	-	74	91	50	-	-	-	4	40	20	990	7	6				
*Paramos	9.6	15.14	25.9	31	4.8	1.4	21	32	10.6	11	-	87	98	67	-	-	-	10	54	20	980	9	0				
*Pazo de Galegos	11.3	17.34	28.3	31	6.1	2.7	3	18	6.3	26	-68	75	92	53	58	213	1487	6	44	20	996	6	0				
Punta Candieira	11.0	12.98	25.1	31	9.2	6.5	9	32	15.6	13	-52	74	85	60	46	170	1325	28	98	20	992	6	0				
Punta Langosteira	12.0	14.15	24.6	31	9.2	6.3	22	8	3.9	11	-	77	89	63	60	222	1475	21	75	11	1021	5	0				
Río do Sol	8.8	13.32	25.4	31	5.3	1.3	21	23	8.8	11	-55	77	91	56	55	202	1434	18	71	19	801	8	0				
*Rus	10.2	16.98	28.8	31	3.5	-1.0	21	15	7.6	13	-	84	99	60	-	-	-	4	39	13	1007	7	2				
Sálvora-Pazo	12.9	16.19	26.0	31	10.4	8.0	9	10	5.9	11	-93	72	84	58	65	240	1627	24	84	20	-	5	0				
Santiago-EOAS	10.7	16.36	27.4	31	5.8	2.7	27	23	13.8	11	-80	71	89	47	58	200	1542	15	68	17	993	6	0				
Santiago-San Lázaro	10.5	15.93	27.0	31	5.5	2.1	27	9	4.5	11	-78	72	89	51	59	218	1497	11	81	11	987	6	0				
Sergude	10.8	17.09	28.6	31	5.6	1.7	9	24	7.2	11	-	74	92	50	-	-	1214	-	-	-	-	8	0				
Serra da Faladoira	8.3	11.77	25.0	31	5.5	1.8	9	66	27.2	1	0	80	91	64	42	157	1242	21	77	20	956	10	0				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 3

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Lugo</b>																												
A Pontenova	9.3	14.32	28.5	31	5.4	1.7	27	40	20.3	1	-	78	94	59	40	148	1209	40	148	1209	14	88	10	-	8	0		
Abradelo	8.4	13.87	23.9	31	4.0	-0.7	21	36	19.4	1	-	70	88	47	52	191	1431	52	191	1431	-	-	-	-	9	2		
*Alto do Faro	7.3	12.59	23.5	31	3.2	-0.6	21	24	9.0	11	-	81	96	57	-	-	-	-	-	-	8	60	19	925	10	3		
*Alto do Poio	5.2	9.21	17.8	31	1.7	-3.9	9	54	13.5	11	-	72	88	52	-	-	-	-	-	-	10	73	19	-	9	11		
Ancares	5.5	9.84	18.4	31	2.0	-3.5	9	39	8.4	1	-44	70	87	47	54	199	1510	54	199	1510	16	75	31	868	9	10		
*Borreiros	10.4	14.94	23.7	31	5.6	0.6	21	42	22.4	1	-20	80	95	61	40	148	1120	40	148	1120	6	48	11	1016	7	0		
Bóveda	9.7	17.44	27.1	31	3.2	-3.0	21	7	2.3	1	-80	68	90	39	55	201	1479	55	201	1479	5	50	18	972	6	4		
Burela	9.6	12.13	23.2	29	7.4	4.0	21	27	12.7	1	-41	76	90	61	41	153	1167	41	153	1167	15	68	11	974	9	0		
Campus Lugo	8.9	16.25	28.0	31	2.8	-2.3	21	23	6.1	11	-50	81	99	50	49	179	1389	49	179	1389	5	53	4	976	8	5		
Castro R. de Lea	8.3	14.78	26.8	31	2.7	-2.3	27	31	11.8	1	-	83	97	57	51	187	1400	51	187	1400	-	-	-	974	7	7		
Conchada	9.4	16.2	25.2	31	4.2	-2.0	21	15	5.5	11	-	74	93	50	54	198	1469	54	198	1469	-	-	-	-	6	3		
Corno do Boi	7.5	12.45	23.8	31	3.9	-0.1	9	49	15.6	11	-25	79	93	57	55	203	1482	55	203	1482	13	62	20	-	9	1		
Cospeito	8.2	14.66	26.8	31	2.3	-2.7	27	40	21.5	1	-26	86	99	57	49	181	1363	49	181	1363	8	58	20	-	8	8		
Courel	8.6	14.6	24.8	31	3.7	-2.9	21	22	8.1	11	-69	67	87	43	53	194	1444	53	194	1444	9	68	19	933	7	4		
Feiranova-Santaballa	7.9	14.02	25.2	31	2.2	-2.9	27	43	20.7	1	-24	85	99	60	49	182	1388	49	182	1388	8	60	19	-	10	8		
Fontaneira	6.8	11.74	22.8	31	3.3	-1.4	21	42	13.2	1	-30	77	92	55	52	192	1340	52	192	1340	19	90	19	909	10	4		
Foz	10.2	13.92	23.4	31	5.9	-0.5	21	31	17.3	1	-38	77	91	61	43	158	1193	43	158	1193	12	68	11	1016	8	1		
Fragavella	7.4	11.19	24.0	31	3.3	-0.5	27	39	20.2	1	-17	84	97	65	41	151	1177	41	151	1177	13	87	10	953	10	3		
Guitiriz-Mirador	7.9	12.71	24.2	31	4.5	0.6	9	61	30.8	1	-3	82	95	58	48	177	1283	48	177	1283	10	63	20	943	10	0		
*Labrada	7.6	11.24	24.1	31	4.8	1.6	21	61	22.3	1	-1	80	92	63	40	150	1195	40	150	1195	11	66	19	-	10	0		
*Lanzós	7.9	13.86	26.0	31	1.8	-3.0	27	38	19.7	1	-	81	95	59	-	-	-	-	-	-	6	42	16	967	7	11		
*Lourenzá	9.8	15.71	29.0	31	3.9	-2.1	21	26	17.4	1	-	81	96	59	-	-	-	-	-	-	5	58	11	-	7	2		
Marroxo	9.3	14.89	26.0	31	5.0	-0.6	21	13	5.0	1	-68	74	91	50	51	187	1358	51	187	1358	8	55	1	948	8	1		
*Míllara	9.9	17.44	28.8	31	4.2	-1.8	21	13	10.4	1	-	76	97	46	-	-	-	-	-	-	5	53	20	-	4	1		
Monforte	9.7	18.37	29.4	31	2.6	-3.3	21	6	2.2	11	-71	81	100	45	49	179	1394	49	179	1394	3	47	18	-	6	6		
*Morelle	8.5	16.53	27.5	31	1.4	-4.1	9	11	3.2	4	-54	82	99	48	40	149	1215	40	149	1215	4	41	18	974	8	11		
O Cebreiro	5.2	10.85	20.3	31	0.9	-5.2	21	49	20.4	1	-12	79	94	58	51	163	1437	51	163	1437	12	59	19	873	11	11		
O Xipro	7.6	13.14	24.8	31	3.3	-1.1	21	36	17.6	1	-38	79	95	53	50	185	1410	50	185	1410	12	63	20	931	8	4		
O Xistral	5.5	9.07	21.6	31	2.8	-1.0	20	61	20.4	1	14	91	96	79	41	153	1218	41	153	1218	38	116	20	-	15	3		
*Olveda	8.1	14.25	25.6	31	3.1	-1.2	21	12	3.8	13	-62	77	94	54	50	183	1437	50	183	1437	5	42	20	-	8	2		
Pedro Murias	11.1	14.65	23.5	31	7.0	2.5	21	34	20.9	1	-34	77	91	60	41	151	1142	41	151	1142	11	63	11	1019	7	0		
Penedo do Galo	8.4	11.22	24.8	31	6.3	2.7	21	48	29.0	1	-16	80	91	65	40	147	1165	40	147	1165	23	102	11	-	9	0		
Poi	8.1	13.11	25.5	31	4.2	-0.2	21	36	18.3	1	-	77	93	56	53	194	1383	53	194	1383	-	-	-	947	6	2		
Portomarín	8.6	15.94	26.6	31	2.2	-2.8	21	7	2.4	11	-	83	99	53	49	180	1411	49	180	1411	-	-	-	971	7	4		
Riotorto	9.5	15.03	28.4	31	4.7	0.7	22	22	10.3	1	-44	87	99	62	43	159	1304	43	159	1304	7	61	20	-	7	0		
Sambreixo	8.0	14.78	26.1	31	1.7	-3.5	27	28	8.0	1	-	82	98	55	53	195	1426	53	195	1426	-	-	-	-	8	12		
*San Clodio	10.1	18.49	28.0	31	3.3	-2.6	21	7	4.2	11	-	77	99	44	-	-	-	-	-	-	3	28	1	992	3	4		
*San Fiz	9.7	16.46	27.5	31	4.3	-1.4	21	6	3.1	11	-75	76	95	49	50	185	1463	50	185	1463	5	42	11	976	5	1		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 3

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C	T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
Santa Cruz	10.0	15.38	26.9	31	4.1	-2.2	21	30	18.2	1	-32	82	98	58	37	139	1142	5	55	11	-	8	3
Serra Vacaloura	7.8	13.86	24.3	31	3.4	-1.7	21	22	7.3	11	-47	85	97	62	56	208	1498	18	82	19	-	10	3
Ventosa	7.3	12.8	23.5	31	2.7	-2.4	9	29	9.5	1	-48	73	90	49	52	190	1397	11	72	20	917	9	7
*Vilamor	10.1	15.22	27.9	31	4.7	-0.2	21	31	23.7	1	-29	83	98	61	40	144	1173	7	51	10	-	8	-
*Xabrega	9.9	18.2	28.6	31	3.6	-1.7	21	7	2.8	11	-73	76	96	45	47	175	1385	4	48	1	985	6	2

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 3

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Pontevedra</b>																											
*A Armenteira	10.2	16.28	27.1	31	4.6	-1.6	21	36	19.4	11	-46	76	93	54	58	211	1508	2	47	19	-	-	-	-	8	3	
A Granxa	11.3	19.48	29.4	31	4.1	-1.0	21	18	8.1	11	-68	75	96	45	59	216	1496	3	38	19	1017	-	-	-	7	3	
A Lanzada	12.4	17.66	29.2	31	7.5	3.5	23	14	7.0	11	-84	74	89	54	65	240	1589	16	62	21	-	-	-	-	7	0	
*Areas	12.5	19.08	29.2	31	7.3	3.3	10	24	12.2	11	-65	78	96	52	57	209	1499	3	36	19	-	-	-	-	7	0	
*As Eiras	12.0	18.76	29.0	31	6.3	2.2	9	20	10.4	11	-71	75	93	50	62	230	1529	4	38	19	1017	-	-	-	8	0	
Atios	11.2	19.28	29.0	31	4.2	-0.2	21	18	9.6	11	-65	82	100	48	58	214	1500	3	47	19	-	-	-	-	6	2	
Baiona	12.4	16.78	25.9	31	7.8	2.9	9	18	11.8	11	-73	74	92	53	64	235	1593	7	51	19	-	-	-	-	6	0	
*Barrantes	11.7	17.52	28.0	31	6.0	1.7	23	15	8.5	11	-69	74	91	53	60	219	1487	5	54	19	-	-	-	-	7	0	
Cabo Udra	12.9	17.14	26.5	31	9.4	6.3	9	13	7.5	11	-87	73	88	56	61	223	1599	13	62	1	-	-	-	-	7	0	
Caldas de Reis	11.2	17.12	28.3	31	6.7	3.1	21	27	13.2	11	-62	72	88	51	53	195	1474	8	56	19	991	-	-	-	7	0	
*Camanzo	10.8	17.51	28.1	31	4.6	-0.4	9	21	7.0	11	-62	75	92	52	54	198	1450	5	43	11	998	-	-	-	9	2	
Cangas-Porto	13.0	17.09	27.9	31	9.1	4.9	9	15	9.9	11	-	67	81	49	-	-	-	8	58	19	-	-	-	-	6	0	
Castro Vicaludo	10.7	14.68	25.6	31	7.3	2.6	8	30	16.2	11	-56	79	92	60	60	219	1589	12	58	1	966	-	-	-	6	0	
Castrove	11.0	15.16	26.1	31	7.4	2.7	8	58	27.9	11	-40	70	86	52	60	221	1599	15	77	19	962	-	-	-	8	0	
*Cequelifios	11.6	18.16	29.0	31	6.1	1.5	9	12	6.4	11	-87	70	88	45	58	213	1520	10	54	19	-	-	-	-	5	0	
Corón	12.6	16.47	26.1	31	9.0	6.1	23	15	8.0	11	-88	70	84	52	63	233	1593	19	74	18	1020	-	-	-	5	0	
*Entenza	11.9	19.28	29.4	31	5.9	1.7	10	27	10.6	5	-61	73	93	47	56	208	1492	1	38	19	-	-	-	-	8	0	
Forcarei	8.8	14.04	24.5	31	4.4	-1.3	21	43	19.9	11	-39	77	96	53	58	212	1511	14	68	20	-	-	-	-	9	1	
Fornelos de Montes	10.1	14.27	24.4	31	6.6	2.1	8	47	24.0	11	-51	69	85	52	58	213	1555	17	95	19	940	-	-	-	8	0	
Gargamala	12.2	18.54	29.0	31	7.0	1.9	21	31	13.1	11	-65	71	91	45	59	218	1558	4	56	20	-	-	-	-	7	0	
Illas Cíes	13.0	16.85	26.6	31	9.7	6.4	9	8	6.1	11	-90	72	87	57	66	241	1617	9	61	11	-	-	-	-	4	0	
Lalín	9.2	15.17	24.6	31	4.0	-2.2	21	14	5.6	11	-	76	96	50	-	-	-	8	56	19	-	-	-	-	7	2	
*Louredo	11.0	16.97	27.7	31	6.5	1.4	21	11	4.9	13	-	81	95	59	-	-	-	3	27	18	993	-	-	-	5	0	
Lourizán	11.8	18.46	28.1	31	6.2	1.3	21	24	11.8	11	-61	78	95	53	53	196	1480	3	38	11	1016	-	-	-	8	0	
*Meder	12.3	19.24	28.7	31	6.5	1.7	21	13	9.2	11	-	70	92	43	-	-	-	2	30	1	1005	-	-	-	5	0	
Monte Aloia	10.5	16.81	27.6	31	6.0	1.0	21	26	12.3	11	-50	76	92	55	41	152	1304	6	45	19	966	-	-	-	6	0	
Mouriscade	8.2	15.64	25.1	31	0.7	-4.9	21	9	3.3	11	-72	77	97	50	57	210	1533	6	43	11	963	-	-	-	6	14	
O Viso	11.9	19.39	30.2	31	6.7	1.0	21	34	15.1	11	-56	68	85	46	49	181	1341	6	46	19	991	-	-	-	8	0	
Ons	12.3	16.09	25.7	31	8.9	5.3	8	14	6.7	11	-85	75	89	59	65	240	1711	19	68	21	1008	-	-	-	7	0	
*Pé Redondo	12.4	17.77	28.3	31	7.8	4.1	21	25	12.4	11	-48	73	88	54	-	-	1290	3	48	19	-	-	-	-	8	0	
*Ponte Caldelas	11.3	16.32	26.9	31	6.7	1.8	10	37	17.1	11	-58	68	82	50	58	214	1467	8	60	19	980	-	-	-	7	0	
Pontevedra-Campolongo	12.9	20.34	32.1	31	7.1	2.4	21	22	9.0	11	-	67	88	43	-	-	-	3	38	19	-	-	-	-	7	0	
Rebordelo	10.1	17.06	28.2	31	3.3	-2.5	21	38	22.0	11	-	74	93	51	58	213	1464	-	-	-	981	-	-	-	8	5	
San Nomedio	10.5	14.96	24.8	31	7.0	1.9	8	30	20.9	11	-63	72	87	51	55	203	1484	14	90	19	-	-	-	-	7	0	
Sanxenxo	12.9	17.84	28.9	31	8.3	4.1	21	21	12.6	11	-70	70	86	52	58	214	1539	4	37	11	1018	-	-	-	6	0	
Serra do Faro	7.3	12.13	21.8	31	3.6	-0.7	9	21	8.7	11	-59	74	90	54	55	201	1432	18	75	19	908	-	-	-	9	4	
*Simes	12.2	17.69	28.8	31	7.0	2.7	27	27	14.2	11	-	80	95	58	55	49	1533	-	-	-	-	-	-	-	9	0	
*Soutomaior	12.1	18.06	28.4	31	7.5	2.1	21	25	12.8	11	-	73	90	51	-	-	-	3	29	23	1002	-	-	-	7	0	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 3


Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Torrequeintás	12.4	18.34	28.8	31	6.9	3.3	8	20	8.8	11	-71	77	93	58	60	221	1587	5	42	11	1014	5	0		
*Tremoedo	12.1	17.41	27.3	31	7.1	3.4	23	17	9.2	11	-	69	86	49	-	-	-	5	57	19	1015	6	0		
Vigo	13.1	17.94	28.5	31	8.9	4.1	9	15	8.8	11	-	66	81	48	-	-	-	-	-	-	-	7	0		
Vigo-Campus	11.3	14.93	24.9	31	8.2	3.2	21	32	19.1	11	-65	68	83	52	62	227	1611	7	53	1	969	8	0		
Xesteiras	8.5	12.56	23.9	31	5.2	0.5	21	62	26.9	11	-	79	93	62	-	-	-	--	--	-	-	8	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.


--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



# TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA MARZO 2021



# TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA MARZO 2021



# CHUVIA ACUMULADA DIARIA MARZO 2021



# REFACHO MÁXIMO DIARIO MARZO 2021

